

GALICIA SUMA TALENTO: EMPRÉGATE [2026]

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN NA EMPRESA ORDINARIA

Axuda para a contratación de persoas desempregadas na empresa ordinaria e en entidades sen ánimo de lucro, especialmente daquelas que teñen maiores dificultades de inserción laboral

Prazo aberto das 9:00 h do 17 de febreiro ata as 20:00 horas do 30 de setembro de 2026

Orzamento 19.700.000 €



Persoas beneficiarias

- » **Persoas empregadoras ou empresas** de calquera forma xurídica (incluídas as persoas autónomas), entidades sen ánimo de lucro, centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral que **contraten** persoas traballadoras **ou incrementen a xornada ou duración** do contrato **entre o 1 de outubro de 2025 e o 30 de setembro de 2026** para centros de traballo radicados en Galicia.

Modalidades da axuda

- Contratación indefinida inicial (**máximo 5**).
- Incremento de xornada da contratación indefinida, de tempo parcial a completo.
- Incremento da duración anual dos contratos fixos-descontínuos a un mínimo de 9 meses.
- Adaptación do posto de traballo para a persoa con discapacidade contratada.
- Transformación en indefinidos de contratos do programa de primeira experiencia profesional.

Colectivos a contratar

- Persoas mozas.
 - Persoas paradas de longa duración.
 - Persoas de 52 anos ou máis.
 - Persoas emigrantes retornadas ou estranxeiras.
 - Persoas con discapacidade ou en risco ou situación de exclusión social.
- Mulleres:
- Vítimas de violencia de xénero
 - Vítimas de trata de seres humanos.
 - Con fillos/as menores de 3 anos e desempregadas de longa duración ou inactivas nos últimos 3 anos.
 - En ocupacións masculinizadas.



Principais requisitos da contratación

- » Deberá ser de **duración indefinida** e a **tempo completo***; exclúense os contratos fixos-descontínuos.
- » As contratacións iniciais deben ser con **persoas desempregadas dos colectivos indicados**.
- » Os contratos ou incrementos de xornada teñen que realizarse **con anterioridade ou o mesmo día** da solicitude; para adaptacións de posto, o gasto **ten que estar realizado na data de solicitude**.

* Excepto persoas con discapacidade, ou en risco ou situación de exclusión social (mínimo do 50 % da xornada)



Máis información



oficinadoautonomo.gal



012

GALICIA SUMA TALENTO: EMPRÉGATE [2026]

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN NA EMPRESA ORDINARIA



Intensidade dos incentivos á contratación

I. Contratación indefinida inicial

Máximo de
17.000 €
por contrato
indefinido

- » Persoas mozas.
- » Persoas paradas de longa duración.
- » Persoas de 52 anos ou máis.
- » Persoas emigrantes retornadas ou estranxeiras.

6.000 €

- » Mulleres dos colectivos indicados.
- » Persoas con discapacidade ou en risco ou situación de exclusión social**.
- » Persoa que nos últimos 2 anos rematara e superara formación AFD, obradoiro de emprego ou rematara un Programa Integrado de Emprego.
- » Persoa que desenvolviera un contrato formativo do programa de primeira experiencia profesional nos 2 anos previos á publicación desta orde.

10.000 €

** Nos contratos a tempo parcial, o incentivo será proporcional ao tempo efectivo de traballo

+ 15 %

Acumulables

- Centro de traballo nun concello rural
- Maior de 45 anos
- Persoa trans
- Muller (non aplicable aos colectivos indicados)

+ 25 %

- Persoa beneficiaria e que superase os estudos vinculados ás bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME) nos 2 anos previos á publicación desta orde.

II. Incremento da xornada nas contratacións indefinidas iniciais

De xornada parcial a xornada completa

Caso xeral

2.000 €

Persoas con discapacidade

3.000 €

III. Incremento da duración anual dos contratos fixos - discontinuos

Incremento de fixos-descontinuos a un mínimo de 9 meses e a xornada completa

4.000 €

IV. Adaptación do posto de traballo ou dotación de EPI

Adaptación dos postos de traballo ou dotación de equipamentos de protección persoal (EPI)

1.000 €

V. Transformación de contratos de primeira experiencia

Transformación de contratos formativos do programa de primeira experiencia profesional en indefinidos

5.000 €

Acceso á ficha da sede electrónica



[Pulsa ou escanea]



Principais obrigas das persoas beneficiarias

- » Manter no seu cadro de persoal á persoa traballadora obxecto de subvención durante un período mínimo de 36 meses dende a data da contratación, do incremento de xornada, da duración anual do contrato fixo-descontinuo ou da adaptación de postos.
- » Nos incentivos por adaptación do posto de traballo, manter o destino dos bens o mesmo tempo que teñen que manter o posto de traballo.
- » Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións, na páxina de inicio da web da empresa ou noutro sitio visible accesible desde a páxina de inicio, e colocar e manter durante un mínimo de 36 meses, un cartel, en cor e formato A3, nun lugar visible do lugar do traballo segundo o modelo da Sede electrónica da Xunta de Galicia.
- » Enviar no prazo dun mes, desde o día seguinte da recepción da resolución de concesión, a evidencia do cartel de difusión.

As persoas ou entidades beneficiarias poderán solicitar tamén as axudas dos Bonos Talento empresa para o desenvolvemento de proxectos formativos de curta duración (TR302D), que se convocarán pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para o exercicio 2026.



Máis información



oficinadoautonomo.gal



012